

# IX Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico

Desde a contemporaneidade e inscrito nunha tradición que fixo da radio canle de expresión artística, o Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico pretende promover a creación cultural dun corpus dramático no formato do teatro radiofónico.

A Radio Galega, a través do programa Diario Cultural e coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, organiza a novena edición dun premio que pretende fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio e contribuír á recuperación do formato do teatro radiofónico. Non se trata tanto de recuperar as fórmulas convencionais do radioteatro como de estimular a creación de pezas dramáticas contemporáneas e facilitar unha plataforma de creación aberta ás novas linguaxes artísticas na radio.

As obras seleccionadas polo xurado emitiranse na Radio Galega e editaranse nun libro-CD. Outorgaranse os Premios do Xurado e da Audiencia, dotados cada un deles con 3.000 euros.

## **BASES**

- 1.** Poderán participar tódolos escritores e escritoras que o desexen, sempre e cando non manteñan unha relación laboral coa CRTVG ou Televisión de Galicia, S.A. (TVG, S.A.).

Os participantes deberán ser maiores de 18 anos.

- 2.** Os traballos presentados deberán ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e non poderán ser adaptacións. Deberán estar libres de todo compromiso anterior con emisoras de radios, televisións, editoriais ou entidades semellantes.
- 3.** Os traballos adoptarán o formato de guiión radiofónico dramático. Estarán calculados para que a súa duración en antena sexa de dez minutos como máximo. As obras terán un elenco de cinco personaxes como máximo. Os/as autores/as poderán utilizar, coas indicacións pertinentes, cantos recursos radiofónicos consideren necesarios para que o texto sexa realizado de maneira axeitada: música, planos sonoros, efectos etc.

O director ou directora das dramatizacións radiofónicas poderá facer as adaptacións necesarias para a súa realización e emisión. Cómpre ter en conta que as obras serán emitidas nas distintas franxas horarias, tamén en horario infantil.

- 4.** Non se admitirán máis de dous guiións por autor/a e de cada obra presentaranse o orixinal e cinco fotocopias. Os/as autores/as concursarán polo sistema de plica. En sobre pechado deberán facer constar o seu nome, apelidos, DNI, enderezo postal e número de teléfono. Os traballos faranse chegar por correo ó seguinte enderezo

Radio Galega, Diario Cultural  
IX Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico  
San Marcos 15820. Santiago de Compostela

Conservaranse durante un mes a partir da data na que se faga pública a resolución do xurado e logo destruíranse.

O prazo de admisión de orixinais comezará cando se faga pública esta convocatoria e rematará o día 15 de setembro de 2015.

5. Os argumentos das obras serán de temática libre.
6. O xurado estará integrado por profesionais de recoñecido prestixio do ámbito da escena galega e da radio.

O xurado valorará especialmente a calidade literaria e dramática das obras e a súa adaptación ó medio radiofónico.

7. Os/as autores/as comprométense a autorizar a dramatización e emisión pola Radio Galega das obras presentadas, de seren estas seleccionadas, así como a súa edición en libro-CD e a súa publicación na web da CRTVG. A tal fin os/as autores/as premiados e finalistas cédennlle á Radio Galega os dereitos de comunicación pública, reprodución e distribución precisos para a posta en antena da obra e a súa primeira edición en libro e disco compacto.

Os/as autores/as que o desexen poderán enviar co texto as gravacións das dramatizacións en soporte de CD. As gravacións non serán tidas en conta na valoración dos textos teatrais polo xurado, pero, de seren finalistas os textos, si serán emitidas pola Radio Galega para a votación da audiencia en lugar da dramatización realizada polo equipo artístico.

8. O xurado escollerá entre as obras presentadas catro finalistas como máximo. Unha vez escollidas, procederá á apertura das plicas e fará pública a autoría das obras finalistas. A partir dese momento, a dirección das adaptacións poderá consultar cos/coas autores/as para a produción da obra. A audiencia e o xurado valorarán cada unha das pezas radiofónicas resultantes. As obras seleccionadas serán emitidas pola Radio Galega.
9. Das obras emitidas o xurado outorgará un premio único dotado con 3.000 euros e a audiencia escollerá por votación a obra que obterá o Premio do Público, dotado con 3.000 euros. O xurado reserva para si a facultade de declarar deserto o premio convocado.

Os premios están suxeitos ás retencións legalmente establecidas.

10. Calquera incidencia non prevista nesta convocatoria será resolta polo xurado.
11. O feito de concursar supón a aceptación destas bases, que poden ser consultadas nas webs [crtvg.es](http://crtvg.es) e [cultura.gal](http://cultura.gal)

## **PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

De acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos de carácter persoal recollidos ó abeiro deste certame serán incorporados a un ficheiro do que é responsable TVG, S.A., con sede en Bando – San Marcos s/nº, 15820 Santiago de Compostela, co fin de resolver a xestión e difusión do concurso. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixindo unha solicitude asinada por escrito ó Servizo de Informática da CRTVG no enderezo sinalado, xunto cunha copia do seu DNI.

As autoras e os autores premiados autorizan a comunicación dos seus datos persoais a través dos medios de comunicación e das páxinas web da Radio Galega e da Secretaría Xeral de Cultura co fin de anunciar os gañadores.

[www.crtvg.es](http://www.crtvg.es)

[www.cultura.gal](http://www.cultura.gal)